

NOTA INFORMATIVA

EMENDAS Á LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DOS ORZAMENTOS 2025

EMENDAS

Emendas o articulado da lei de medidas administrativas e de gastos de persoal de Orzamentos e Emendas finais de materias esenciais que solicitamos teñan en consideración os grupos parlamentarios para a súa inclusión e debate, por ser de transcendencia para o persoal empregado público, o dereito a negociación colectiva e a mellora dos servizos públicos en Galicia.

LEI DE MEDIDAS ADMINISTRATIVAS

Artigo 122. Modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

Non contempla, nesta adaptación normativa obrigada por norma básica estatal, o permiso parental, polo tanto deberíase engadir apartado:

EMENDA DE ADICIÓN

9. Permiso parental retribuído de 8 semanas.

10) Modifícase o cadro do apartado 1 da disposición adicional oitava, respecto a escala superior de sistemas e tecnoloxía da información, nos apartados de denominación e titulación, que queda redactado como segue:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala superior de sistemas e tecnoloxía da información		A1	Funcións directivas nas áreas de tecnoloxía da información e das comunicacións, así como a planificación, o deseño e o desenvolvemento de sistemas	Título universitario oficial de grao, licenciado ou licenciada universitaria de enxeñería en: telecomunicacións, informática, matemáticas, estatística, física, intelixencia artificial ou ciencia do dato, ou ben titulacións equivalentes do nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES) dos mesmos

			operativos e de comunicacións. Dirección de proxectos de desenvolvemento e mantemento de aplicacións. Auditoría, planificación, control de calidade e seguridade informáticas e técnicas de sistemas e comunicacións de nivel superior.	ámbitos de coñecemento.
--	--	--	---	-------------------------

11) Modifícase o cadro do apartado 2 da disposición adicional oitava, respecto a escala de xestión de sistemas e tecnoloxías da información, nos apartados de denominación e de titulación, que queda redactado como segue:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de xestión de sistemas e tecnoloxías da información		A2	Análise funcional de novas aplicacións, mantemento de aplicacións en explotación, análise e programación das aplicacións no desenvolvemento e control de desenvolvementos informáticos.	Título universitario oficial de grao, diplomado ou diplomada universitaria ou de enxeñería técnica en: telecomunicacións, informática matemáticas, estatística, física, intelixencia artificial ou ciencia do dato, ou ben titulacións equivalentes do nivel 2 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES) dos mesmos ámbitos de coñecemento.

12) Modifícase o cadro do apartado 3 da disposición adicional novena, para a creación da seguinte escala:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de técnico/a especialista en tecnoloxías e sistemas de		C1	Desenvolvemento e explotación informática, tales como programación, operación e	Título de Formación Profesional de Grao Medio da familia de Informática e Comunicacións, ou ben titulacións equivalentes do

información			asistencia técnica básica ás persoas usuarias.	nivel 4 do Marco Europeo de Cualificacións, dos mesmos ámbitos de coñecemento
-------------	--	--	--	---

13) Modifícase o cadro do apartado 3 da disposición adicional novena, para a creación da seguinte escala:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de Instrutor ou instructora de Pesca		B	Función docente nos módulos de pesca dos ensinos regrados e non regrados das escolas oficiais náutico pesqueiras da Consellería do Mar.	Técnico ou técnica Superior en Transporte Marítimo e Pesca de Altura ou equivalente e Título Profesional de Capitá ou Capitán de Pesca.

14) Modifícase o cadro do apartado 3 da disposición adicional novena, relativo a escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia, nos apartados de subgrupo e titulación, que quedan redactados como segue:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia	Patrón ou Patroa	B	- As definidas na Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia ou na norma que a substitúa.	Técnico ou Técnica superior en transporte marítimo e pesca de altura, ou equivalente e o título profesional de Patrón de altura da Mariña Mercante sen restricións, ou superior con atribucións de mando en buques civís.
	Mecánico ou Mecánica		- As definidas na Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia ou na norma que a substitúa.	Técnico ou Técnica superior en organización do mantemento da maquinaria de buques e embarcacións, ou equivalente e o título profesional de Mecánico maior naval da Mariña Mercante sen

		restricións, ou superior con atribucións de xefe de máquinas en buques civís.
--	--	---

EMENDA DE MODIFICACIÓN

Linguaxe non sexista

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional vixésima. Desenvolvemento regulamentario do disposto no número 4 da disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e do sistema de avaliación do desempeño

1. O Consello da Xunta de Galicia aprobará durante o ano 2026 o desenvolvemento regulamentario previsto no número 4 da disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, así como do sistema de avaliación do desempeño previsto no seu artigo 83, de acordo coas seguintes normas:

a) A progresión na carreira administrativa recoñecida estruturarase en graos e será horizontal, consistente no ascenso de grao, sen necesidade de cambiar de posto de traballo. Existirá un grao inicial e catro graos sucesivos.

b) Encadrase inicialmente no grao inicial a todo o persoal funcionario de cada corpo ou escala. Os graos sucesivos ao grao inicial recoñeceranse, de forma consecutiva, previa solicitude da persoa interesada.

c) Serán requisitos necesarios para os ascensos a antigüidade que se estableza no grao anterior, e se valorará, na forma que se determine, a traxectoria e actuación profesional, a calidade dos traballos, os coñecementos adquiridos e outros méritos e aptitudes por razón da especificidade da función desenvolvida e a experiencia. Para os ascensos de grao, así mesmo, terase en conta o resultado da avaliación do desempeño profesional, de acordo co sistema que se estableza en desenvolvemento do artigo 83 da Lei 2/2015, do 29 de abril.

d) A progresión na carreira administrativa alcanzada polo persoal funcionario mediante este sistema será retribuída mediante a percepción dunha retribución adicional ao complemento de destino, segundo o grupo ou subgrupo profesional de pertenza, e que se denominará complemento de carreira.

2. O desenvolvemento regulamentario previsto no número 4 da disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e do sistema de avaliación do

desempeño previsto no seu artigo 83, establecerá os prazos da súa implantación e aplicación, e en particular, o momento a partir do cal será necesario ter en conta a avaliación do desempeño profesional para os ascensos de grao.

3. Mentres non sexa de aplicación a normativa de desenvolvemento prevista nesa disposición e se proceda a súa efectiva implantación, a administración autonómica **poderá realizar convocatorias extraordinarias ou transitorias** para o recoñecemento do grao profesional alcanzado, de acordo cos requisitos que se establezan nelas, e os acordos que, no seu caso, se alcancen coas organizacións sindicais.

EMENDA DE MODIFICACIÓN

Non suspender o proceso de progresión horizontal do persoal empregado público

19) Engádesse un número sete á disposición derradeira quinta da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia que queda redactado como segue:

7. Mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario O persoal das diferentes escalas do grupo B continuará integrado no subgrupo C1, o persoal funcionario pertencente á escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia, especialidade de patrón ou patroa e mecánico ou mecánica e o persoal de novo ingreso desta escala, así como o persoal funcionario de novo ingreso da escala de instrutor ou instrutora de pesca, **percibirán as retribucións do grupo no que están integrados.**

Disposición adicional X. Medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino durante o ano 2026

Para os efectos de garantir a dispoñibilidade de persoal de perfil sanitario, de persoal vinculado aos servizos sociais e centros educativos (excepto el personal docente y el personal de administración) nas listas de contratación de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal que presta servizos de atención directa ás persoas usuarias, adóptanse as seguintes medidas:

No suposto de non existiren persoas aspirantes nas listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I (titulado/a superior médico/a), 2 do grupo II (ATS, enfermeiro/a, practicante, DUE), nas categorías profesionais 65 (oficial 1ª cociña, oficial 1ª cociñeiro, xefe **ou xefa de cociña, cociñeiro ou cociñeira 1ª**), 69 (oficial de servizos técnicos, oficial 1ª mantemento, oficial 1ª de oficios varios, oficial de primeira) do grupo III, nas categorías profesionais 3 (auxiliar sanitario, auxiliar de clínica, auxiliar psiquiátrico, auxiliar de enfermaría, coidador ou coidadora xeriátrica, coidador/a), 4 (auxiliar fogar, coidador ou coidadora auxiliar, auxiliar coidador, auxiliar de internado), 5 (oficial 2ª de cociña, cociñeiro **ou cociñeira 2ª**) e 6 (axudante/a de servizos técnicos, oficial 2ª de mantemento) do grupo IV e categoría profesional

1 (camareiro/a- limpador/a, axudante/a de cociña, pasador/a de ferro -lavandeiro ou lavandeira, costureiro ou costureira, cortador ou cortadora, pasador ou pasadora de ferro e lavandeiro ou lavandeira) do Grupo V do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ou, de ser o caso, para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario na escala facultativa especialidade de medicina (subgrupo A1), na escala técnica facultativa especialidade de enfermaría (subgrupo A2) na escala técnica de cociña (subgrupo C1), escala técnica de mantemento (subgrupo C1), na escala de auxiliares de clínica (subgrupo C2), escala auxiliar de coidados (subgrupo C2), escala auxiliar de cociña (subgrupo C2), escala auxiliar de mantemento (subgrupo C2) e na especialidade de persoal de limpeza e cociña da agrupación profesional, poderase solicitar persoal directamente do Servizo Público de Emprego.

2. O período de penalización nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación de persoal laboral da Xunta de Galicia terá unha duración de seis meses.

3. Cando pola inexistencia de persoal integrante das listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II, e 3 do grupo IV, ou para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes, así como na escala técnica de cociña (subgrupo C1) e escala auxiliar de cociña (subgrupo C2), non existan candidatos que estean en posesión do certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente, poderán ser seleccionados candidatos que carezan del, sempre que cumpran os restantes requisitos esixidos para o acceso á categoría de que se trate.

4. A solicitude de reincorporación formulada polas persoas integrantes das listas que solicitasen previamente a suspensión das citacións, por non estaren prestando servizos a través delas, producirá efectos ao día seguinte da súa presentación.

5. O establecido nesta disposición ten vixencia limitada ao ano 2026.

6. Logo do proceso de funcionarización e estabilización, no ano 2026 se revisará e adecuará a regulación de listas de contratación temporal.

EMENDA DE ADICIÓN:

O preceptuado no punto 3, debe engadir que nestes casos excepcionais, esixiráselles que acrediten o coñecemento do galego no menor tempo posible.

Solicitamos unha vez máis a negociación dun novo decreto de listas de contratación temporal que, entre outras cuestión debe atender á modificación da delimitación actual de carácter provincial en categorías de difícil cobertura que determina que moitos profesionais non se anoten nas listas de contratación da Xunta pola distancia dos centros de traballo aos que poden ser chamados, xa que teñen opcións de listas de contratación de outros servizos públicos nos que os ámbitos teñen isócronas

máis baixas.

EMENDA DE MODIFICACIÓN

Linguaxe non sexista

Disposición transitoria XXX. Adxudicación de destinos con carácter provisional derivadas da normativa modificada por esta lei

1. As adxudicacións de destinos con carácter provisional ao persoal funcionario de novo ingreso que se tiveran efectuado en aplicación do artigo 60.e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, na súa redacción anterior á modificación efectuada por esta lei, rexeranse polo réxime transitorio establecido nesta disposición, tendo en conta os principios da eficacia da administración e de seguridade xurídica, así como a coincidencia no tempo de procesos de provisión de postos de traballo por concurso de traslados, de procesos selectivos ordinarios de novo ingreso e dos procesos de estabilización de emprego temporal derivados de Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e ponderando os intereses lexítimos de todos os participantes nos procesos mencionados:

a) Manterase a eficacia das adxudicacións definitivas de prazas que previamente estiveran ocupadas mediante adxudicación provisional, que sexan firmes por non ter sido recorridas no seu día en tempo e forma, e realizadas antes da entrada en vigor desta lei ao amparo das normas modificadas por esta, **e garantir, de ser o caso, ás persoas afectadas, oferta de destino por concurso de traslados de prazas de similares características en canto a localidade, retribucións e modalidade de prestación de servizos.**

b) Manterase a eficacia das adxudicacións provisionais realizadas antes da entrada en vigor desta lei ao amparo das normas modificadas por esta, sempre que sexan firmes e consentidas por non ter sido recorridas no seu día en tempo e forma. Sen prexuízo do indicado, estas situacións deberán ser regularizadas mediante o ofrecemento dun destino definitivo ao persoal afectado de acordo co establecido nesta disposición, no prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor.

c) En particular, cando as correspondentes prazas se encontren incluídas nun proceso de concurso de traslados, convocado para o correspondente corpo ou escala con anterioridade á entrada en vigor desta disposición, e tiveran sido solicitadas e poidan ser obxecto de adxudicación ao persoal solicitante de acordo coas regras do concurso, atendendo ao seu carácter de forma de provisión ordinaria dos postos de traballo e realizada de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, o persoal en situación de destino provisional poderá ser cesado no momento da toma de posesión do persoal que obtivera a praza por concurso, de acordo co previsto nas normas modificadas por esta lei, sen prexuízo de que, en todo caso, deberá ofrecérselle destino definitivo de acordo co disposto no número 2 desta disposición.

d) O establecido na letra c) deste número tamén será de aplicación aos concursos de traslados que se convoquen a partir da entrada en vigor desta disposición.

e) No caso de que no prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta disposición, non se teña producido o cese na situación de adxudicación provisional e obtención dun destino definitivo, as adxudicacións provisionais existentes no momento da entrada en vigor desta disposición realizadas ao amparo das normas modificadas, quedarán de pleno dereito convertidas en definitivas. A administración de oficio procederá á aplicación desta disposición e recoñecemento do nomeamento definitivo.

f) En todo caso, ao persoal funcionario de novo ingreso que ao amparo das normas modificadas tivera obtido destino por adxudicación provisional se lle computará o período de tempo en esa situación, como se tivera desempeñado un posto con carácter definitivo, para todos os efectos favorables que se puideran derivar.

2. De acordo co indicado no número anterior, e aos efectos de coordinar as eleccións de destino definitivo e as correspondentes tomas de posesión derivadas dos procesos selectivos e de provisión de postos de traballo pendentes no momento da entrada en vigor desta disposición, ou que se convoquen posteriormente, procederase do seguinte modo:

a) Cando estivera pendente de resolución no correspondente corpo ou escala un concurso de traslados, atendendo ao seu carácter de forma de provisión ordinaria dos postos de traballo e realizada de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, terá preferencia este, polo que se resolverá a adxudicación de destino definitivo das prazas ofertadas de acordo coas correspondentes regras do concurso.

b) A continuación, procederase a ofertar a aquelas persoas que se atoparan prestando servizos en situación de adscrición provisional por novo ingreso, un número de prazas vacantes suficiente para garantir que todas as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo obteñan un posto aberto ao seu subgrupo, corpo, escala ou especialidade, seleccionadas entre as prazas que quedaran vacantes a resultas do concurso de traslados, ou daquelas outras que nese momento estiveran vacantes, tendo en conta a orde de prelación resultante no correspondente proceso selectivo de ingreso.

c) Por último, ofertaranse a aquelas persoas que se atopen incluídas nas relacións de aspirantes que superaron os procesos selectivos de estabilización derivados de la Lei 20/2021, de 28 de decembre, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, un número de prazas vacantes suficiente para garantir que todas as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo obteñan un posto aberto ao seu subgrupo, corpo, escala ou especialidade, **seleccionadas** entre as que quedaran vacantes a resultas do establecido nos apartados a e b anteriores, ou aquelas outras que nese momento estiveran vacantes, tendo en conta a orde de prelación resultante no correspondente proceso selectivo de ingreso.

d) Unha vez realizados os actos de adxudicación de destino e de elección de destino definitivo anteriormente sinalados, e aos efectos de coordinar os ceses e tomas de posesión, o inicio do prazo de toma de posesión realizarase de xeito simultáneo para todos os procesos mencionados,

aos efectos de garantir a continuidade na prestación dos servizos públicos.

3. O disposto nesta disposición enténdese sen prexuízo das situacións individuais derivadas de resolucións xudiciais firmes existentes no momento da súa entrada en vigor, que serán respectadas en todo caso.

EMENDA DE ADICIÓN

Garantir que persoal con praza por concurso logo de moitos anos de prestación de servizos perda o destino adxudicado e non obteña outro de similar características, para respectar o dereito a mobilidade e equilibrar unha situación inxusta, logo de moitos anos con dito dereito vulnerado.

EMENDA DE SUPRESIÓN

As prazas deben ser suficientes para dar a toma de posesión a todo o persoal que superou os procesos selectivos de estabilización, e ademais deben estar incluídas todas as prazas que resulten vacantes do concurso de traslados.

OUTRAS PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DA LEPG:

Modificar o número 1 e número 2 do artigo 80, e engadir un novo apartado e, que queda redactado como segue:

1. *Nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, con excepción de aqueles procesos que teñan por obxecto a estabilización e a consolidación do empregotemporal, un mínimo dun **cincuenta por cento** ~~vinte e cinco por cento~~ das prazas convocadas reservarase para persoal funcionario pertencente a **outros** corpos ou escalas ~~do subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, inmediatamente inferior~~ que reúna os seguintes requisitos:*
2. *Así mesmo, o persoal funcionario dos corpos e escalas do subgrupo de clasificación profesional C1 poderán participar nos procesos de promoción interna para o acceso aos corpos e escalas do grupo A sen necesidade de pasar polo subgrupo A2 de acordo coa regulación establecida no artigo 18 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, en relación coa promoción interna.*

Neste mesmo artigo, incluír un novo apartado e) coa seguinte ou similar redacción:

Promoción interna temporal.-

Por necesidades do servizo e nos supostos e baixo os requisitos que aos efectos se establezan, poderase ofrecer ao persoal funcionario de carreira ou temporal, e con carácter voluntario, de funcións

correspondentes a nomeamentos dunha categoría do mesmo nivel de titulación ou de nivel superior, sempre que ostente a titulación correspondente. Estes procedementos serán obxecto de negociación nas mesas correspondentes.

Durante o tempo en que realice funcións en promoción interna temporal, o interesado manterase en servizo activo na súa categoría de orixe, e percibirá as retribucións correspondentes ás funcións efectivamente desempeñadas, con excepción dos trienios, que serán os correspondentes ao seu nomeamento orixinal

O exercicio de funcións en promoción interna temporal no supoñerá a consolidación de ningún dereito de carácter retributivo ou en relación coa obtención de novo nomeamento e terá o mesmo límite temporal de duración que os nomeamentos de persoal funcionario interino de acceso libre e coa mesma obriga de inclusión de ditas prazas na oferta pública de emprego na quenda de promoción interna separada.

Modificar o número 2 do artigo 100, que queda redactado como segue:

O traslado regulado neste artigo, de carácter voluntario, levarase a cabo mediante comisión de servizos, que terá unha duración dun ano, prorrogable excepcionalmente por outro no caso de que se manteñan as necesidades de servizo ou funcionais, e sempre baixo os principios de mérito, capacidade e transparencia na súa concesión.

Artigo 108. Permisos por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar.

Engadir unha nova letra no artigo 108 que queda redactada nos seguintes termos:

Permiso parental para o coidado de fillo, filla ou menor acollido por tempo superior a un ano, ata o momento en que o menor cumpra oito anos. Este permiso será retribuído e terá unha duración non superior a oito semanas, continuas ou descontinuas, poderá desfrutarse a tempo completo, ou en réxime de xornada a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e conforme aos termos que regulamentariamente se establezan.

Este permiso, constitúe un dereito individual das persoas proxenitoras, adóptantes ou acolledoras, homes ou mulleres, sen que poida transferirse o seu exercicio.

Cando as necesidades do servizo permítano, corresponderá á persoa proxenitora, adóptante ou acollidora especificar a data de inicio e fin do gozar ou, no seu caso, dos períodos de desfrute, debendo comunicalo á Administración cunha antelación de quince días e realizándose por semanas completas.

Cando concorran en ambas as persoas proxenitoras, adóptantes, ou acolledoras, polo mesmo suxeito e feito causante, as circunstancias necesarias para ter dereito a este permiso nos que o disfrute do permiso parental no período solicitado altere seriamente o correcto funcionamento da unidade da administración na que ambas presten servizos, esta poderá aprazar a concesión do permiso por un período razoable, xustificándoo por escrito e despois de ofrecer unha alternativa de goce máis flexible.

A efectos do disposto neste apartado, o termo de nai biolóxica inclúe tamén ás persoas trans xestantes.»

Artigo 111. Permiso para concorrer a exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público.

O persoal funcionario ten dereito ao un permiso para concorrer a exames finais e outras probas definitivas de actitude, así como para concorrer a probas selectivas no ámbito do emprego público, abarcando a duración deste permiso os días da súa celebración.

O termo exames finais está incluídos tamén os parciais que sexan liberatorios de unha parte do programa ou materia cursada.

Os exames finais ou probas de aptitude deberán estar convocados por centros e/ou institucións oficiais.

O permiso abarcará todo o día no que se realicen as probas e cando a persoa interesada tivera que realizar desprazamento dende a localidade da súa residencia habitual ata a da realización da proba para concorrer ás mesmas, o permiso ampliarase, si é necesario, no tempo necesario para as viaxes de ida e volta.

O que se engade é exactamente o disposto no artigo 6 da Orde de 29 de xaneiro de 2016, pola que se regula o réxime de permisos, licencias e vacacións do persoal docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG número 30, do 15 de febreiro de 2016).

Artigo 155.-1 Representación e participación institucional do persoal ~~funcionario~~ empregado público.

Nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei existirán, como mínimo, as seguintes unidades electorais:

1. As Unidades electorais do persoal ~~funcionario~~ empregado público serán como mínimo as seguintes:
 - a. Unha nos servizos centrais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia tanto para persoal laboral como funcionario.

- b. Unha en cada provincia para o persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia destinado nela, salvo o contemplado nas dúas letras seguintes.

Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, previo acordo coas organizacións sindicais lexitimadas nos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, ou normas que os substitúan, os órganos de goberno das administracións públicas poden modificar ou establecer unidades electorais en razón do número e peculiaridades do seu persoal funcionario e laboral, e adecuar a súa configuración ás estruturas administrativas ou aos ámbitos de negociación constituídos ou que se constitúan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA: Escalas e especialidades dos corpos e da agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Cambios nas denominacións:

- Subgrupo A1:
 - Escala de letrados, por escala de persoal letrado.
 - Escala superior de estatísticos, por escala superior de persoal estatístico.
- Subgrupo A2:
 - Escala de inspectoras e inspectores de consumo, por escala de inspección de consumo.
- Grupo B:
 - Escala de técnicos especialistas en patoloxía forense, por escala de persoal técnico especialista en patoloxía forense.

DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA. Escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Cambios nas denominacións, linguaxe de xénero:

- Subgrupo A1:
 - Escala de enxeñeiros/as, por escala de persoal enxeñeiro.
 - Escala de arquitectos, por escala de persoal arquitecto.
 - Escala de veterinarios, por escala de persoal veterinario.
 - Escala de arqueólogos, por escala de persoal arqueólogo.
 - Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, por escala de persoal docente numerario de institutos politécnicos

marítimo-pesqueiros.

- Escala de profesores de capacitación agraria, por escala de persoal docente de capacitación agraria.
- Escala de investigadores e expertos en desenvolvemento tecnolóxico (escala de expertos en I+DT), por escala de persoal investigador e experto en desenvolvemento tecnolóxico (escala de persoal experto en I+DT).
- Escala de facultativos, por escala de persoal facultativo (medicina, psicoloxía e pedagogía).
- Escala de expertos/as lingüistas, por escala de persoal lingüista.
- Subgrupo A2:
 - Escala de enxeñeiros técnicos, por escala de persoal enxeñeiro técnico.
 - Escala de arquitectos técnicos, por escala de persoal arquitecto técnico.
 - Escala de mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, por escala de persoal docente de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros.
 - Escala de técnicos facultativos, por escala de persoal técnico facultativo (enfermería, educación social, educación infantil).
- Grupo B:
 - Escala de axentes técnicos facultativos, por escala de persoal axente técnico facultativo.
 - Escala técnica do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, Especialidade Bombeiro forestal Xefe de brigada, por especialidade persoal bombeiro xefe/a de brigada.
 - Subgrupo C1:
 - Escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia, especialidade Patrón, por persoal Patrón.
 - Escala técnica de recursos naturais e forestais, especialidade Mecánico naval, por especialidade de Mecánica naval.
 - Escala técnica de recursos naturais e forestais, especialidade Patrón de embarcación, por persoal Patrón de embarcación.
 - Escala técnica operativa do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, Especialidade Bombeiro forestal encargado de brigada, por especialidade persoal bombeiro forestal encargado de brigada.
 - Escala técnica de gobernantes, por escala técnica de gobernantía.
 - Escala de técnicos especialistas en reprodución cartográfica, por escala de

persoal técnico especialistas en reprodución cartográfica.

– Subgrupo C2:

- Escala de auxiliares de clínica, por escala de persoal técnico de coidados auxiliares de enfermería.
- Escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra incendios Forestais, especialidade de Emisorista/Vixilante/a fixo/a, por especialidade de persoal emisorista-vixilante fixo. Na especialidade de Bombeiro forestal-condutor de motobomba, por persoal Bombeiro forestal-condutor de motobomba. Na especialidade de Bombeiro forestal, por especialidade de persoal bombeiro forestal.
- Escala de oficial 2º mecánico de máquinas de defensa contra incendios forestais, por escala de persoal oficial 2º mecánico de máquinas de defensa contra incendios forestais.
- Escala auxiliar de recursos naturais e forestais, especialidade Oficial, por especialidade persoal oficial. Na especialidade Mariñeiro-vixiante, por especialidade de persoal Mariñeiro-vixiante.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMA. Adscrición a ramas de coñecemento das titulacións a que se refire a disposición adicional quinta para efectos do previsto nas alíneas primeira e segunda das disposicións adicionais oitava e novena

Modificar as ramas de coñecemento, aplicando linguaxe non sexista, cambiando os termos licenciado, diplomado, enxeñeiro, por termos inclusivos.

ORZAMENTOS TÍTULO II. GASTOS DE PERSOAL

Artigo 11. Bases da actividade económica en materia de gastos

Dous. No ano 2026, as retribucións do persoal ao servizo do sector público autonómico non poderán experimentar ningún incremento con respecto ás vixentes no 31 de decembro de 2025, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade.

Ademais, os gastos de acción social ~~non~~ se poderán incrementar, en termos globais, verbo dos do ano 2025. A este respecto, considérase que os gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos ou melloras distintos ás contraprestacións polo traballo realizado, cuxa

finalidade é satisfacer determinadas necesidades como consecuencia de circunstancias persoais do citado persoal ao servizo do sector público autonómico.

Tres. **No obstante, serán de aplicación** os acordos, os convenios ou os pactos ~~que impliquen incrementos retributivos superiores aos fixados no punto anterior deberán experimentar a oportuna adecuación, resultando inaplicables as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento. En todo caso, suspéndese a aplicación dos pactos ou acordos asinados que supoñan uns incrementos retributivos superiores aos fixados no punto anterior para o ano 2026, sen prexuízo dos acordos~~ autorizados polo Consello da Xunta de Galicia durante os anos 2017 a 2025. Así como os que resulten de Acordos estatais que sexan de aplicación directa por ter carácter básico en común no conxunto das administracións e sector público.

~~Ademais, mantense a suspensión da aplicación do punto décimo noveno do Texto refundido de Acordo do 20 de xuño de 1995, publicado pola Resolución do 2 de maio de 2023 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.~~

Catro. O disposto nos puntos precedentes entenderase sen prexuízo das adecuacións retributivas que con carácter singular e excepcional resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos seus obxectivos.

Cinco. As referencias relativas ás retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas ás retribucións íntegras.

Seis. As referencias contidas na normativa vixente relativas a haberes líquidos, para os efectos do cálculo de anticipos reintegrables ao persoal funcionario, entenderanse feitas ás retribucións básicas e complementarias que perciba este nos seus importes líquidos.

EMENDA DE SUPRESIÓN E ADICIÓN

As excepcións a conxelación salarial deben contemplarse necesariamente de forma expresa

Artigo 21. Criterios retributivos en materia de persoal funcionario

d) O complemento específico anual que, se é o caso, estea fixado ao posto que se desempeñe.

Este complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais, das cales doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe ca unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente.

A percepción do importe diferencial do complemento específico atinxido para certos colectivos mediante uns acordos sobre as condicións de traballo do persoal está condicionada **á situación equivalente a servizo activo** ~~prestación efectiva do servizo~~; deberase acreditar, por tanto, con carácter mensual a realización das funcións ou tarefas concretas que motivaron os acordos mencionados. Se é preciso, poderase establecer un módulo para calcular o importe que efectivamente corresponde percibir do total mensual.

EMENDA DE SUPRESIÓN E ADICIÓN

A xurisprudencia é determinante neste caso, e non se pode mediante esta norma vulnerar dereitos retributivos en situación equivalentes a servizo activo, no que o total de retribucións periódicas inherentes o posto de traballo se perciben con dito carácter sen excepción.

EMENDAS FINAIS

- **Restituir a validez de Acordos que non foron obxecto de novación para completar** a derogación da **Lei 1/2012**, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, por considerala extemporánea, logo de 12 anos en vigor (era unha medida urxente e provisional). Ademais, esta petición ten soporte normativo desde a entrada en vigor da Lei 31/2022, de 23 de decembro de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, que na súa Disposición Final Vixésimo Primeira establece a modificación de determinados artigos e disposicións do Real Decreto Lei 20/2012.
- Homologar a xornada máxima semanal a **35 horas**, coas restantes administracións autonómicas, estatal, e mesmo de Organismos da propia Xunta de Galicia. A través da negociación colectiva queda aberta a posibilidade de implantar a xornada semanal de 35 horas; e isto, trala modificación introducida na disposición final vixésima da Lei 31/2022 de Orzamentos Xerais do Estado para 2023 que modifica o apartado 2 da disposición adicional 144 da Lei 6/2018, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018),
- Acabar coa a discriminación que supón para o persoal funcionario o recorte que se mantén nas pagas extra.
- Un acordo plurianual para ir recuperando as restantes axudas do **FAS (Fondo de Acción Social)**, que seguen suspendidas
- Aplicar a nova regulación de modalidades de **xubilación parcial para o persoal funcionario e laboral e coeficientes redutores**.
- Completar os Acordos de condicións de traballo como é o **de persoal non docente**.
- Estender a **segunda actividade** a aqueles colectivos cunha especial penosidade no desenvolvemento do seu traballo.
- Negociar a regulación do uso da **bolsa de horas do 5%** da xornada máxima anual para conciliación.
- Implantar o **concurso de traslados** permanentemente aberto e con resolución

semestral, como mínimo.

- Aplicación íntegra do **Grupo B nos supostos xa desenvolvidos e continuar coa súa implementación en idénticos supostos mediante lei autonómica.**
- Desenvolvemento de carreira ordinaria para persoal funcionario e laboral.
- Desenvolvemento dun novo modelo de promoción interna que contemple a promoción interna temporal (xa existente no SERGAS e noutras administracións autonómicas).
- Negociar un novo decreto de listas.
- Recuperar os acordos de xubilación parcial para o persoal laboral e negociar a xubilación parcial para o persoal funcionario.
- Pór en marcha o compromiso acadado pola Administración de convocar un novo grao de carreira durante o ano 2025 con efectos económicos retroactivos a 1 de xaneiro.
- Ter en conta a sentenza núm. 268/2024 do Tribunal Supremo á hora de aboar os trienios ao persoal laboral temporal que pase a desempeñar postos de funcionario de carreira ou interino. É dicir, os trienios perfeccionados como persoal laboral antes da modificación da Lei 70/1978 (realizada a través da Lei de Presupostos Xerais do Estado de 2021) deben ser aboados pola contía na que foron perfeccionados (se esta é superior) ao pasar á condición de funcionario/a.
- Ter en conta para os vindeiros anos a entrada en vigor da aplicación dos coeficientes redutores para bombeiros forestais e axentes forestais e medioambientais á hora de prever incluír nas OPE as prazas necesarias que aseguren o necesario relevo xeracional e o correcto dimensionamento dos cadros de persoal

En consecuencia de todo o anterior, **S O L I C I T A M O S :**

Que se teña por presentado este escrito de ALEGACIÓNS de UGT e CCOO, para a súa toma en consideración nas xuntanzas a realizar cos grupos parlamentarios ao obxecto de acadar unha modificación da Lei de Emprego Público co máximo consenso posible.

A/A GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA, GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA